

Cuestionario de lectura Manifiesto Comunista (1848) Karl Marx e Friedrich Engels.

- 1. Comunismo, comunistas:** ¿Que clase de obra é o Manifiesto Comunista?, ¿a quen vai dirixido?, ¿cal é o obxectivo que perseguen Marx e Engels coa súa publicación?, ¿cal é a razón de que se edite en varios idiomas?, ¿que relación garda este dato cos plantexamentos políticos de Marx e Engels?, ¿que indica o slogan co que remata o *Manifiesto* acerca do xeito en que os autores entenden o movemento obreiro?, ¿que carácter pretenden darlle ás loitas obreiras? ¿Quen son os comunistas?, ¿que pretenden? Segundo o que declaran os propios autores no libro, ¿cales son as principais diferenzas que separan aos comunistas do *socialismo crítico-utópico*?, ¿por que utilizan Marx e Engels este nome para referirse ás teorías de Saint-Simon, Proudhon, Fourier e Owen?
- 2. Historia:** ¿Que visión da historia teñen os autores?, ¿que fai que a historia se mova, avance, progrese?, ¿cal é a forza motriz dos cambios no proceso histórico? Marx concibe a historia en termos de proceso, de cambio; un devir que é froito dunha contradición, dunha loita entre opostos: ¿cales son eses elementos de cuxo enfrontamento xurde todo o proceso de devir da historia?, ¿como podemos denominar a esta visión marxista da historia? Recolle dúas citas do texto que reflexen esta concepción da historia.
- 3. Clases sociais:** ¿Cales son as dúas clases sociais que sempre se enfrontan dentro de cada formación social?, ¿con que termos dos empregados no *Manifiesto* se refiren Marx e Engels a estas clases? ¿Que significa *antagonismo de clases*?
- 4. Capitalismo, modo de produción:** ¿Que concreta formación social pretenden estudar Marx e Engels?, ¿que expresións utilizan no *Manifiesto* para referirse a ela? ¿Cal é a estrutura social básica deste específico modo de produción? Falando precisamente en termos de produción, ¿cando se produce o paso dun modo de produción a outro? Copia unha cita do texto para ilustrar a túa explicación. Ao longo da historia da humanidade houbo numerosos períodos de crise, pero ¿cales son a xuízo dos autores os rasgos propios que caracterizan as crises capitalistas? ¿Cal é, segundo Marx e Engels, o maior obstáculo ao desenvolvemento das forzas productivas na súa época?
- 5. Burguesía:** ¿Que papel xogou, segundo os autores, a burguesía na recente historia da humanidade?, ¿por que din que desempeñou un rol revolucionario?, ¿a que acontecementos históricos que teñen por protagonista á burguesía remiten estas reflexións de Marx e Engels? ¿Que lugar ocupa e que función está a desempeñar a burguesía na etapa histórica que os dous pensadores analizan?

- 6. Proletariado, revolución:** ¿Quen (ou que) é o proletariado?, ¿que cometido ten que desempeñar na historia? Explica a seguinte frase que reflexa a característica máis significativa da revolución proletaria: “Todos os movementos anteriores foron movementos de minorías en interese de minorías. O movemento proletario é o movemento autónomo da inmensa maioría en interese da inmensa maioría.” Segundo o que se afirma no libro, ¿a que tipo de sociedade dará lugar a revolución proletaria?, ¿cales serían as características definitorias desa sociedade comunista?
- 7. Traballo:** ¿Cal é a función do proletariado dentro do modo de produción capitalista? Sinala con carácter xeral dous rasgos específicos que adquire o traballo baixo o réxime de produción capitalista, ¿cales son as condicións nas que os obreiros levan a cabo o seu traballo?, ¿que expresións de tono crítico usadas por Marx e Engels no *Manifiesto* dan conta da situación laboral do proletariado no capitalismo? ¿Cal é o prezo do traballo que leva a cabo o proletario?, ¿que nome recibe ou a que equivale?, ¿como se estipula ese prezo? Recolle algunhas citas do libro para apoiar as túas explicacións.
- 8. Ideoloxía, superestructura:** Localiza e copia dúas citas do texto que se axusten á tese marxista de que, en toda sociedade, as ideas dominantes son as ideas da clase dominante. Recolle, asemesmo, dúas citas que reflicten a afirmación principal do materialismo histórico, que sostén que a infraestrutura determina a superestructura. Explica as citas e dá conta tamén da tese central do *Himat*. Dentro da superestructura inclúese o aparato administrativo e xurídico-político do Estado, ao fío do seguinte fragmento do *Manifiesto*, explica cal é a concepción marxista do Estado: “O poder estatal moderno equivale ao Consello de Administración dos intereses xerais do conxunto da burguesía.” Busca e copia outra cita extraída do libro que se corresponda con esta visión do Estado e da política dentro dunha sociedade de clases.